

ACTA

REUNIÓN ORDINARIA DE XUNTA DE GOBERNO:

DATA: venres 19 de setembro de 2025

HORARIO: 17:00-20.30 h.

SESIÓN: presencial

LUGAR: .Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia na rúa Dublín nº6 – Santiago de Compostela (A Coruña)

RELACIÓN DE PERSOAS ASISTENTES:

- Miriam Rodríguez Sierra (Presidencia)
- Ana María Vilar Varela (Vicepresidencia)
- María Rosario Capelo Casas (Secretaría)
- Antonio Doval Canabal (Tesouraría)
- Cristina Díaz Mira (Vogal)
- María Isabel Fernández Lema (Vogal)
- María Elena Gómez Fernández (Vogal)
- David Gontán Varela (Técnico COTSG)

RELACIÓN DE PERSOAS AUSENTES :

- Belén Vázquez Iglesias (Vogal) delega en Cristina Díaz
- María Amparo Borrajo González (Vogal) delega en Cristina Díaz.

1. Aprobación da acta, se procede, xunta de goberno ordinaria do 16 de xullo de 2025.

Aprobada por unanimidade.

2. Queixas e suxerencias

Trátanse as queixas:

- 15/2025 tras a lectura dáse arquivo por non estar identificada o suxeito da queixa.
- 16/2025 tras a lectura dáse arquivo por non ver ningún incumprimento ético coas probas aportadas.

3. Actualización das listaxes profesionais

Aprobase o texto, corrixindo a proposta de modificación da páxina 10 por estar suxeito a lei que deben ser 5 anos de absterse a formar parte dun tribunal.

4. Congreso Estatal de Traballo Social. Gijón 2026

Acordase por a disposición da colexiación 20 bolsas, tendo preferencia as persoas que formen parte dun grupo de traballo. Ademais de 8 bolsas para os membros da xunta de goberno.

5. Presuposto para enmaquetación da Investigación sobre o Traballo Social en Galicia.

Acordase aceptar a proposta de Catuxa Cousillas.

6. Actualización do Regulamento dos grupos de traballo

Acordase aprobar as modificacións do texto. Incluindo a necesidade de que nas reunións online a cámara estee conectada.

No caso de que os e as compoñentes dos grupos de traballo sexan beneficiarios dunha bolsa para un evento, teñen o compromiso de reportar información sobre este.

7. Dar conta da actualidade do GIES.

O coordinador do grupo Antonio Doval expón que tras o ofrecemento do grupo para a súa activación durante a vaga de incendios que afectou a Galicia neste verán, non foi activado. E que si a Xunta de Galicia pediu un documento para avaliar onde podería actuar o GIES.

No próximo mes solicitarase unha xuntanza co responsable do 112, para avanzar nun protocolo para ver no caso que sexan de activación para o grupo de emerxencias sociais.

Ademais informa sobre a participación no simulacro de accidente aéreo no aeroporto de Peinador, onde o grupo GIES se comprometeu a achegar un documento de propostas sobre a intervención de Traballo Social.

8. Dar conta da Plataforma Emerxencia-Dependencia e participación no protocolo de seguridade do SAF.

Dáse conta de que o luns 22 de setembro se presentará en Santiago de Compostela a plataforma emerxencia-dependencia, da que o Cotsg foi unha das promotoras.

En canto o protocolo de seguridade de SAF, tras a mesa convocado pola Fegamp, estase a espera de volver a ser convocados unha vez que o ISSGA remate o documento de proposta de protocolo.

9. Dar conta da Comisión para o estudo de baixas e seguimento da colexiación obrigatoria.

Achegase a acta da Comisión celebrado o 19 de agosto. Dando conta dos acordos.

Rogos e preguntas

- Acordase aceptar o presuposto de FH soluciones para unha cortina veneciana da porta traseira.
- Aprobouse a proposta de teleformación.
- Acordase propoñer para os premios estatais do traballo social a:
 1. na categoría de labor profesional LUZ CAMPELLO.
 2. Na categoría de medios de comunicación MARIA XOSÉ SILGAR SÉS.
 3. Na categoría de movementos sociais PLATAFORMA ULLOA VIVA.

- Acordase participar na manifestación do 5 de outubro en Santiago de Compostela en contra do Xenocidio en Palestina, convocando a colexiación e levando unha faixa.
- Informase de que se están mantendo xuntanzas con ECODESARROLLO GAIA para ver a posibilidade de participar profesionais de traballo social no proxecto da ong.
- Acordase conceder unha bolsa co importe da matrícula, para a Conferencia Internacional de Oslo, a colexiada 1872 ,que participou no vídeo de apoio a comunicación.

ALTAS E BAIXAS

Número total de colexiación: 3521

Altas aprobadas que se corresponden cos números de colexiación:

4812, 4813, 4814, 4815, 4816, 4817, 4818, 4819, 4820, 4821, 4822, 4823, 4824, 4825, 4826, 4827, 4828, 4829, 4830 , 4831, 4832, 4833, 4834, 4835, 2837, 3336

Baixas

Nº COLEXIACIÓN	MOTIVO DA BAIXA
4662	Desemprego
4716	Traballa no GC 08
	prego




T. 981 568 100_F. 981 941 898
www.traballosocial.gal
info@traballosocial.gal

Asdo: 34999031T MIRIAM RODRIGUEZ (R: Q15690160) Asdo: CAPELO CASAS MARIA ROSARIO - 46903919L

En Santiago de Compostela a 20 de setembro de 2025
AC Representación AC FNMT Usuarios

Visto e praxe:

Asdo: a Presidenta

Asdo: a Secretaria